

INFORME ECONÓMICO

Claustro da Universidade da Coruña

09/12/2025

Contido do informe

- Exercicio corrente
 - A xestión económica no exercicio corrente
 - Previsións sobre o peche de 2024
 - Execución do orzamento 2025
- Información relativa a exercicios anteriores
 - Avances na diagnose
 - Indicadores intermedios do Plan Estratégico
- Liñas xerais do orzamento 2026
 - Recursos do Plan de Financiamento do SUG
 - Masa salarial autorizada
 - Evolución do reequilibrio estrutural
- Conclusións

A xestión económica no exercicio corrente

- Migración do programa contable
 - A volta ao programa Universitas XXI Económico (utilizado ata 2023) estase a realizar sen incidencias, **a xestión orzamentaria transcorre con normalidade.**
 - Permitiu retomar a remisión mensual á Xunta da execución orzamentaria.
- Posición de liquidez
 - **A tesouraría permite atender os pagamentos con regularidade.**
 - Os retrasos puntuais explícanse por problemas na tramitación, non financeiros.

Previsións sobre o peche de 2024

- Estase a rematar a carga da contabilidade de 2024 en UXXIEC, desexable para evitar unha discontinuidade na serie da información económica e necesaria para poder presentar unha liquidación.
 - A carga, simultánea á xestión do 2025, retrasa a presentación da liquidación.
 - Previsión: finalizar a carga este ano e rematar a auditoría a principios de 2026.
- Os datos preliminares confirman o desequilibrio detectado e comunicado ao Claustro e o resto dos órganos de goberno a principios de 2024, que impediu aprobar orzamento para ese ano.
 - A UDC remitiu o Plan de Equilibrio Financeiro requirido en cumprimento da normativa, na liña das previsións da Programación 2025-26 do Claustro.
 - A necesidade de recursos extraordinarios redúcese en 2026, prevéndose acadar o equilibrio estrutural no bienio 2027-28.

Execución do orzamento 2025 (1/2)

- Evolución dos puntos clave para o equilibrio orzamentario en 2025
 - Gasto de persoal: Contido, vai moi axustado, aínda que é compatible coas previsións.
 - Recursos extraordinarios e reorientación dos convenios cara ao reequilibrio
 - Convenios de I+D+i da Xunta: Orzado aforro (cobertura de gastos orzados) de 0,7M€, na execución estímase que se supera 1M€.
 - Plan de Infraestruturas: Dotación anual (4 anualidades) de 2,8M€ da Xunta + 1,1M€ de cofinanciamento pola UDC.
 - 2ª anualidade: Plan Integral de Rehabilitación, Mellora Enerxética e Humanización: 1,5M€ Náutica; 0,8M€ Xoana Capdevielle; 0,5M€ Fisioterapia; 1,1M€ varios.
 - 3ª e 4ª anualidades: EI3, financiado pola Xunta ao 100%, fondos adicionais FEDER; achega da UDC para o PIRMEH.
 - Previsión no orzamento 2025 da captación de 0,8 M€ adicionais para 2025/26: Comprometidos este ano 0,3 M € achegados pola Deputación.
 - Ingresos extraordinarios (Serantes, orzados 5M€): Unha vez declarada deserta a poxa pública, estase a desenvolver a negociación directa.

Execución do orzamento 2025 (2/2)


- Outras novidades significativas
 - A posibilidade de xustificar gastos de actualización salarial de persoal do Cap. 6 con cargo a remanentes de programas do Ministerio libera uns 0,4M€ de fondos.
 - Houbo un desprazamento de gasto extraordinario de 2024 a 2025 duns 0,8 M€ por mor dos problemas do peche do 2024 coa aplicación contable falida.
 - Electricidade: Revisión á baixa pola central de compras Redexga (0,5M€).
- Conclusión: A evolución dos principais puntos clave que deben cumprirse para pechar o exercicio en equilibrio é positiva, agás no caso no alleamento de activos.
 - Mantense a previsión de alleamento, aínda que se materializaría alén do peche do exercicio.

Información relativa a exercicios anteriores

Avances na diagnose

- A Xunta constituíu un grupo de traballo conxunto coa UDC e o seu Consello Social, co obxectivo de avanzar na procura do reequilibrio financeiro.
- A elaboración da serie temporal homoxeneizada do Remanente de tesouraría Non Afectado (*páxina seguinte*) confirma o carácter estrutural do desequilibrio entre ingresos e gastos.
- Cómpre abordar a actualización do sistema histórico de imputación temporal de ingresos e gastos da UDC (desviacións de financiamento)
 - O desaxuste temporal entre o recoñecemento de ingresos e gastos, detectada hai tempo nas auditorías, fai que o significado do saldo orzamentario sexa de pouca utilidade como indicativo da marcha das nosas finanzas, motivo polo que a referencia básica é o RNA, que non se ve alterado por eses desaxustes.
 - Abordarase a resolución desta eiva na liquidación de 2025.

REMANENTE NON AFECTADO HOMOXENEIZADO



■ RNA segundos criterios previos a 2016. Se consideran as incorporacións de crédito ao exercicio seguinte (de 2016 a 2022 se consideraban as do anterior) e se computan a totalidade dos fondos incorporados (dende 2018 se incluían só as de fondos afectados).

Información relativa a exercicios anteriores

Indicadores intermedios do Plan Estratégico

Área	Obxectivos dos Indicadores con avaliación en 2024 (Plan estratégico 2022-2026)	Valor 2021	Valor 2024
Investigación e Transferencia	Incrementar nun 3% o volume de ingresos públicos ou privados no período 2022-24 derivados dos dereitos recoñecidos nos orzamentos por axudas, proxectos e contratos de investigación e por servizos de consultoría científica	16.614.000 €	23.952.000 €
	Relación entre sexenios conseguidos e potenciais: Mellorar nun 1 % en 2024	65,9%	69,8%
	Incrementar nun 1,5% no período 2022-2024 o volume de servicios prestados	2.566.000 €	3.728.000 €
	Contratos I+D e consultorías: Incrementar un 2 % no período 2022-24	1.467.000 €	2.395.000 €
	Copublicacións con empresas: Incrementar un 5 % no período 2022-24	51	54
	<i>Crear unha spin-off no período 2022-24</i>	---	+1
	<i>Crear unha start-up no período 2022-24</i>	---	+2
Financiamento e uso eficiente de recursos	Recursos privados captados: Período 22-24 Incremento dun 2%	5.341.595,70 €	4.953.113 €
	Incrementar nun 5% no período 2022-2024 a captación de recursos mediante convenios, contratos, convocatorias de administracións públicas e as súas entidades instrumentais a nivel internacional, estatal autonómico o local	126.302.260 €	147.510.658 €
	Incrementar a independencia financeira un 1.5% no período 2022-2024	91,0%	92,0%
	Reducir o nivel de endebedamento da UDC un 1,5% no período 2022/2024	9,0%	8,0%

Liñas xerais do orzamento 2026

- Actualización das previsións de Programación Plurianual e Orzamentaria 2025-2026
 - A PPO aprobada polo Claustro prevía a persistencia da necesidade de recursos extraordinarios para o exercicio 2026, malia que inferior á de 2025, aspirando ao reequilibrio estrutural no bienio 2027-28.
 - O orzamento 2026 confirma as previsións previas, pois a necesidade de recursos extraordinarios redúcese de 5,2 M € en 2025 a 3 M € en 2026.

Liñas xerais do orzamento 2026

Recursos do Plan de Financiamento do SUG

ORZAMENTO	TOTAL PLAN DE FINANCIAMENTO	Incremento (€)	Incremento (%)
2022	109.713.467 €		
2023	113.991.201 €	4.277.734 €	3,9%
2024	118.001.445 €	4.010.244 €	3,5%
2025	122.042.644 €	4.041.199 €	3,4%
2026	125.618.111 €	3.575.467 €	2,9%

- O incremento para 2026 inclúe a repercusión do 0,5% de incremento salarial xa aplicado, pero non os incrementos adicionais previstos para 2025 e 2026 (2,5%+1,5%).
- Na partida máis cuantiosa, a do Custo Estándar, por mor da evolución dos créditos matriculados a UDC incrementa a súa participación nun 0,24%, o que representa unha suba de 0,69 M €.
- No Plan de Estabilidade, Eficiencia e Mellora, o incumprimento de 1 dos seus 7 obxectivos, o correspondente ao déficit, repercute negativamente en 0,76 M €.
- No Panel de Indicadores, a UDC incrementa o seu peso nun 1,03%, que se traduce en +0,68 M €.

Liñas xerais do orzamento 2026

Masa salarial autorizada

ORZAMENTO	Masa salarial autorizada (€)	Incremento (€)	Incremento (%)
2022	105.337.000 €	3.210.000,00 €	3,1%
2023	110.613.000 €	5.276.000,00 €	5,0%
2024	114.541.000 €	3.928.000,00 €	3,6%
2025	116.478.000,00 €	1.937.000,00 €	1,7%
2026	117.631.000,00 €	1.153.000,00 €	1,0%

- Autorízase un aumento da masa salarial do 1% en 2026 (inclúe o +0,5% de suba salarial do 2025), moi inferior ao de anos anteriores.
- Este límite é extremadamente axustado, dado o crecemento vexetativo das remuneracións (antigüidade e méritos), polo que o cumprimento do obxectivo imposto só será posible de acelerarse o proceso de renovación xeracional.

Liñas xerais do orzamento 2026

Análise do reequilibrio estrutural

	2025	2026
Ingresos Plan de Financiamento	122,0 M€	125,6 M€
C3(&Matrícula C4)+C5	16,3 M€	16,8M€
Ingresos ordinarios	138,4 M€	142,4 M€
Gastos de persoal non afectados	116,5 M€	117,6 M€
Gastos non afectados C2-9	27,0 M€	26,2 M€
Cofinanciamento de ingresos finalistas	0,1 M€	1,6 M€
Gastos non financiados	143,6 M€	145,4 M€
Recursos extraordinarios necesarios	5,2 M€	3,0 M€

- Ingresos ordinarios: aumentan un 3%.
- Gasto de persoal autorizados: medran un exíguo 1%.
- Redución do gasto non afectado pola redución de gastos puntuais (atrasos gastos persoal investigador...)
- O cofinanciamento de programas de investigación compensouse en 2025 derivando recursos dos convenios de I+D a financiar gasto orzado.
- Redúcese o desequilibrio orzamentario estrutural, que debe cubrirse co alleamento de activos e con recursos non finalistas de convenios.

Conclusións

- A **xestión financeira ordinaria** da UDC transcorre con normalidade.
- Os **avances na diagnose** confirman o carácter estrutural do desequilibrio orzamentario diagnosticado, que persiste en 2026.
- A **necesidade recursos extraordinarios redúcese** significativamente en 2026, reforzando a expectativa de acadar o reequilibrio no bienio 27-28.
 - O camiño cara o reequilibrio está orientado, non rematado.
 - Este proceso de axuste implica unha contención do gasto dunha intensidade tal que a fai dificilmente sostible no tempo.
 - O recurso a fontes de ingresos extraordinarias non se pode cronificar. A sustentabilidade financeira da institución require unha mellora do financiamento, nomeadamente do financiamento estrutural.